

# Beatriz

vai ao Quirófano feliz



• QUIRÓFANO •  
feliz

XUNTA DE GALICIA

## FICHA TÉCNICA

Edita:  
Área Sanitaria de  
Pontevedra e O Salnés

Autores:

Servizo de Anestesioloxía  
e Reanimación.  
Área Sanitaria Pontevedra  
e o Salnés

Revisora:

Lidia Campos Chan.  
Área Sanitaria Pontevedra  
e o Salnés

Depósito Legal: C 268-2020

Ano: 2020

Deseño e realización: KRISOLA  
DISEÑO,S.L.U

Patrocina:   | **Vepersa**





**BEATRIZ** é unha nena que vive  
cos seus papás.

Vai ao colexio, vai ao parque e ten  
un peluche Superheroe que a  
acompaña a todas as partes e a  
protexe.

Cando está enfermiña, os seus  
papás dinlle que ten que visitar o  
seu doutor,

...o pediatra.




**O pediatra Xosé Antón é o médico que comproba que as nenas e os nenos medran sans e que os cura cando enferman.**

**BEATRIZ** visítao de cando en vez. Vai ás revisións para comprobar que crece ben e que por dentro está sa.


**A enfermeira María** pésa e mídea para ver canto medrou. **Xosé Antón** mándalle abrir a boca, míralle os ollos e...

**para ver como respira e late o seu corazón, escóitaa cun aparello.**






Un día, Xosé Antón dilles que deben ir ao hospital para amañar un pequeno problema que lle atopou a **BEATRIZ**.



HOSPITAL



Os tres chegan ao hospital, acompañados por Superheroe. Alí estanos esperando a anestesista Yolanda e o cirurxián Rubén.

O hospital é un edificio moi grande, no que traballa moita xente para coidar as nenas e os nenos. Rubén, o cirurxián, é moi amable e encárgase de amañar por dentro as nenas e a os nenos cando algo non lles funciona. Yolanda, a simpática anestesista, cóntalle que non lle vai doer nada, así que **BEATRIZ** non ten ningún medo.





A enfermeira Ana dille a **BEATRIZ** que ten que prepararse para a operación. Dille que lle dea a man moi forte a Superheroe.★

Ana explícalle que lle dará unha picadiña para facerlle unha análise de sangue.

Se sopra mentres llo fai, case nin se decatará!.



Sabías que hai unhas tiriñas con crema que, se chas poñen un pouco antes da picadiña, danche o superpoder de que non che doia nada?

A anestesista Yolanda failles  
preguntas a **BEATRIZ** e aos seus papás.




\_ **BEATRIZ**, canto pesas?

Mándalle abrir a boca

... **tan grande coma un león!**

e dille que está lista para operarse.





**A anestesista Yolanda  
cóntalle un segredo. Ela é a  
médica dos soños: encárgase  
de que durma e de que  
esperte feliz,  
sen ter nada  
... nadiña de dolor.**



## Yolanda a anestesista tamén lle conta que o día antes da operación ou a proba é moooooi importante que **BEATRIZ**

- ★ durma moi ben,
- ★ que non coma 8 horas antes,
- ★ que prepare a maleta para o gran día (zapatillas, cepillo de dentes, peite,... ),
- ★ que vaia ben limpiña

... e que non esqueza o seu xoguite favorito, o superheroe co que comparte todas as aventuras.



## Yolanda tamén lle conta algo...:

\_ Este conto só se pode conseguir na consulta do anestesista.

Non vaias pensar que llo dan a calquera que vai ao hospital!

Só os superheroes van ata unha zona secreta, o


... QUIRÓFANO  
feliz !!!



O Quirófano feliz é unha zona secreta do hospital onde hai moi poucos nenos.

É un sitio moi grande e cheo de luz.

Semella unha nave espacial!



O día que **BEATRIZ** entre,  
terá que pechar os ollos e  
pensar naquilo que máis lle  
guste porque así espertará  
moi feliz.

...que é o que máis che gusta a TI?

Cando **BeATRIZ** coñeza os doutores, estará  
preparada para ir ao Quirófano feliz

**Xa case case está preparada.**



# RECEPCIÓN



Por fin, chegou o día da operación de **BeATRIZ**.

O primeiro que deben facer é pasar pola recepción do hospital para que lles indiquen aos seus papás e a **BeATRIZ** a onde teñen que ir e tamén para que os doutores e as enfermeiras saiban que chegaron.



Ao chegar ao cuarto, o **enfermeiro Xoán** e a **pediatra Aurora** están a esperar por **BEATRIZ** para coidala, comprobar que se atopa ben e resolver as dúbidas que teña.

Antes de ir ao quirófano, **Xoán** daralle un xarope que sabe a amorodo.



Xoán o enfermeiro cóntalle que ten un coche preparado para ela e dálle o seu carné de conducir para meter na caixa do correo que hai no aparcadoiro de coches,

**BEATRIZ** poderá chegar ao quirófano conducindo ela mesma!



Con este carné poderás acceder á **zona secreta...!**



Hoxe pola mañá, a anestesista **Cristina** xa preparou todo no quirófano para que **BEATRIZ** durma moi tranquila. O celador **Xermán**, a celadora **María Xosé**, os papás e Superheroe acompañan a **BEATRIZ** no seu coche ata a porta do Quirófano feliz.

Aínda que os papás non poden entrar ata que remate a operación, **BEATRIZ** está sempre moi ben acompañada e coidada.

## QUIRÓFANO feliz



Ao entrar no quirófano, a **BeATRIZ** colócanlle moitos adhesivos e unha luz vermella no dedo. Unha vez que está todo organizado, a anestesista trae unha máscara cun globo. Entón **BeATRIZ** pensa no seu recordo preferido, o que a fai máis feliz...

Agora só queda o máis fácil e divertido: inchar o globo!

... E **BeATRIZ** ínchao con moooooita forza!



# TODO SAÍU BEN!

É hora de espertar e volver cos seus papás.



Cando **BeATRIZ** sae do quirófano, vaise cos seus papás a unha sala onde continúan coidándoa ata que xa non teña nada de sono nin preguiza.

Alí seguiranlle poñendo medicinas e soro para que estea ben canto antes.



Unha vez que **BEATRIZ** está ben esperta e con enerxía, volve á súa habitación acompañada dos seus papás e alí pasa a noite.

Tamén pode ocorrer que se vaia para a súa casa o mesmo día.

Superheroe segue ao seu lado moi tranquilo.

Cando **BEATRIZ** está recuperada, o doutor dille que xa pode voltar para a súa casa.



De volta ao colexio, a profesora pediulle que escribise un conto para que outros nenos e nenas coñecesen a súa aventura.

E fíxoo...!

...Queres **ESCRIBIR TI O TEU?**



